

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 8:09:01

SAIDA

1386/22




Reclamante: 


Expediente. Nº RSCTG 192/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 23 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de novembro de 2021, reclamación contra a Resolución do 26 de outubro de 2021, da Dirección Xeral Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se lle dá acceso á información solicitada referente aos cartos transferidos aos tecores e calquera entidade relacionada coa caza nos últimos dez anos.

O reclamante indicaba que a información contida na resposta, non ten nada que ver coa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI.

Segundo. Con data do 29 de novembro de 2021, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 7 de decembro de 2021.

Terceiro. Con data do 23 de decembro a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

No informe, en resumo, indícase que tras a solicitude, con data do 23 de setembro de 2021, comunicáselle ao interesado, a ampliación do prazo para a resolución da súa solicitude de información ambiental por un mes máis, e con data do 27 de outubro de 2021 notificase ao interesado a resolución da súa solicitude de acceso á información ambiental, na que se lle informa que non se teñen realizadas transferencias a entidades relacionadas coa caza, que a información relativa ás subvencións debe consultala a través da BDNS e dos convenios subscritos coa Federación Galega de Caza (importe e finalidade).

Considera o informe que a solicitude de información ambiental presentada foi respondida informando ao solicitante sobre as transferencias e sobre os convenios. En relación coas subvencións, informouse ao interesado que se publica no seu portal de Transparencia tódalas convocatorias e subvencións concedidas das que remite o seu enlace e se lle indicou que non se lle pode facilitar o listado de entidades receptoras dos últimos dez anos, xa que, agás para o previsto en materia de publicidade, o contido da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) ten carácter reservado, artigo 8 do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas e o artigo 7.8 da mesma norma establece que a información sobre concesións permanecerá publicada durante os catro anos naturais seguintes ao ano en que se concedeu a subvención, sendo retirada automaticamente pola propia BDNS transcorrido dito prazo, polo que as sociedades beneficiarias dos últimos catro anos poden consultarse a través da dita base, e considera que ás anteriores é de aplicación a causa de inadmisión do artigo 18.1.a) da Lei 19/2013, por tratarse de información que está en curso de publicación xeral.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 27 de outubro de 2021 e a reclamación a presentou con data do 23 de novembro do mesmo ano, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso á información referida aos importes transferidos pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aos Tecores (Terreos cinexéticamente ordenados) e a calquera entidade relacionada coa caza, nos últimos dez anos.

O que está a solicitar o interesado, son os pagos realizados, a través de subvencións, contratos, convenios ou calquera outro instrumento xurídico por parte da Consellería, a os titulares dos tecores ou a calquera outra entidade relacionada coa caza. Ao ter a información solicitada unicamente contido económico, non pode considerarse que se trate de información ambiental, xa que non se trata de información que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, a auga, o chan etc..), enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente (segundo a definición de información ambiental establecida no artigo 2.3 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente), polo que en contra do criterio mantido pola Consellería na tramitación do expediente de solicitude de acceso á información, considérase que non é de aplicación a Disposición Adicional Primeira 2 da Lei 19/2013, e debe rexerse pola normativa xeral en materia de Transparencia.

Entrando xa na información dada na resolución impugnada, non se comprende a diferenciación que fai a citada resolución entre as *entregas dinerarias sen contrapartida directa por parte do beneficiario, para financiar operacións ou actividades non singularizadas* das que a Consellería informa que non se realizou ningunha nos últimos dez anos, e as *subvencións* (das que si da información), dado que segundo a definición de subvención contida na Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, unha subvención é toda disposición de diñeiro realizada polas Administracións Públicas, a favor de persoas públicas ou privadas, nas que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular.

Con respecto das subvencións, non se considera correcta a información facilitada ao solicitante, por canto se lle remite un link xenérico (<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-eestadistica/axudas-e-subvencions/concesions> e <https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-eestadistica/axudas-e-subvencions/convocatorias>), onde figuran todas as axudas e subvencións da Administración Autonómica.

A referencia á existencia dun sitio web onde se ofrece información, non é suficiente para os efectos de proporcionar a información solicitada. O artigo 22.3 da Lei 19/2013, establece que se a información xa foi publicada, a resolución que resolva a solicitude de acceso poderá limitarse a indicar como pode accederse a ela, pero como establece o criterio interpretativo 9/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, en ningún caso é suficiente unicamente a remisión xenérica a portal ou á sede ou páxina web, senón que é necesario que se concrete sinalando expresamente o link que accede á información e, dentro deste, os epígrafes, capítulos, datos e informacións exactas que se refiran ao solicitado, sendo requisito que a remisión sexa precisa e concreta e leve, de forma inequívoca, rápida e directa á información sen necesidade de requisitos previos, nin de sucesivas procuras.

Por tanto, a Consellería, pode elixir entre ofrecer a información solicitada pola remisión directa da información solicitada (importe das subvencións por concepto de gasto, ano e entidade perceptora), ou ofrecer o link ou ligazón exacta que ofrezca de forma directa a información de que se trate.

Respecto da negativa na resolución a facilitar o listado de entidades receptoras dos últimos dez anos, non pode admitirse a xustificación que figura na resolución impugnada, que se basea en que o contido da BDNS ten carácter reservado de acordo co artigo 8 do Real Decreto 130/2019 citado, e que de acordo co seu artigo 7.8 a información sobre concesións permanecerá publicada durante os catro anos naturais seguintes ao ano en que se concedeu a subvención.

A base nacional de subvencións constitúe unha base de datos que ten diversos fins, entre eles, promover a transparencia ou loitar contra a fraude. Polo tanto non constitúe un instrumento exclusivo de publicidade activa polo que a información que contén non é exclusivamente a destinada á súa publicidade, de aí que respecto dos datos que non deban ser obxecto de publicidade se conteñan obrigas específicas de confidencialidade. En todo caso, no artigo 7.4 da citada norma, establécese que o acceso á información proporcionarase consonte os principios establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, na Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público e na súa normativa de desenvolvemento, así como demais normativa sobre acceso á información pública que resulte de aplicación.

Segundo o artigo 14 da Lei 19/2013 o dito dereito de acceso unicamente poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para outros bens xurídicos ou e dereitos, polo que unicamente poden ser aplicados mediante resolución motivada e sempre que o acceso á información solicitada supoña un prexuízo real, non meramente hipotético, a algún dos bens públicos e privados mencionados no dito artigo, tendo en conta que a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada, atendendo ás circunstancias do caso concreto e, especialmente, á existencia dun interese superior que xustifique o acceso, e no presente caso, non existe a mais mínima xustificación.

Non se pode considerar tampouco que conorra no presente caso e respecto das subvencións dunha antigüidade maior de catro anos, a causa de inadmisión establecida no artigo 18.1.a) da Lei 19/2013, xa que a información solicitada refírese a importes económicos transferidos nos últimos dez anos, información que non se acredita que estea en curso de elaboración ou publicación.

Respecto dos convenios para a realización de cursos e xornadas e campañas de divulgación, considérase que a información proporcionada é correcta, xa que se indican as cantidades por ano, a finalidade á que están destinadas e o destinatario.

De acordo co anterior, procede a estimación parcial da reclamación presentada, debéndose proporcionar ao interesado a información sobre as subvencións nos últimos dez anos nos termos indicados.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 23 de novembro de 2021, contra a Resolución do 26 de outubro de 2021, da Dirección Xeral Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se

Ile dá acceso á información referida a importes económicos transferidos a tecores e calquera entidade relacionada coa caza

Segundo: Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada segundo o indicado no fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2022.01.26 13:58:49 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.